

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. Don Leonardo Lemos Montanet, que actúa en representación da Diocese de Ourense, en virtude do seu cargo de Bispo, en exercicio das facultades que lle confire o parágrafo 1 do canon 381 e seguintes do Código de dereito canónico.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *"Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa"*, formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e



Universidades, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Ourense ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmobile, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Diocese de Ourense para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.



No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Ourense



Pola súa banda, a Diocese de Ourense comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a



través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,

O bispo da Diocese de Ourense

Román Rodríguez González

Leonardo Lemos Montanet



ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A DIOCESE DE OURENSE, ANO 2024

BEN: igrexa de santa Mariña de Esposende
SITUACIÓN: Lugar de Esposende, núm. 26, Cenlle (Ourense)
PROTECCIÓN: A igrexa parroquial de santa Mariña de Esposende en Cenlle está protexida polo seu valor cultural ao estar incluída no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16-05-2016) por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 21469. Así mesmo, está incluída no Catálogo do Patrimonio Arquitectónico e Etnográfico (Ficha A-05) do Plan Xeral do Concello de Cenlle cun nivel de protección integral.

ACTUACIÓN: Mellora das condicións de humidade da igrexa de santa Mariña de Esposende, Cenlle (Ourense) (Expte.: SAR-2021-0115).
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 7 meses

DESCRICIÓN:
Accédese ao adro da igrexa parroquial dende a rúa que percorre Santa Mariña. Edificación románica dos séculos XII e XIII con incorporacións na nave dunha capela gótica do século XVI e unha sancristía. Planta rectangular de reducidas dimensións: unha soa nave e ábsida rectangular máis baixa; aditamento de planta rectangular no muro norte, de altura menor con modillóns, de cantaría e cuberta a tres augas de tella curva. "Agnus" nos cimacios da nave e ábsida. Os muros de cantaría están rematados en cornixa apoiada en canzorros de figuras variadas. Tellados a dúas augas. Fachada principal onde destaca a entrada en forma de arco flanqueado aos lados por pilastras. O arco é dobre con ornamentos de entrelazado sobre columnas lisas. No centro ten un tímpano monolítico con gravado de cruz. Remata cunha cornixa curva e moldurada con pináculos e espadana con arcos xemelgos no primeiro corpo e un segundo corpo triangular con outro arco .

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
Os danos máis salientables do templo, maniféstase especialmente: - No paramento interior do coro da igrexa polas humidades de filtración existentes no encontro da espadana coa nave. - Nos paramentos interiores da fachada norte da nave e nos paramentos da capela gótica polas humidades de filtración do muro de cantaría e capilaridade que danan as pinturas murais existentes que na actualidade se ocultan tralas sucesivas capas de encalado. Tendo en conta a situación actual é preciso eliminar as humidades referidas como paso previo á recuperación das pinturas murais existentes no seu interior.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:
As actuacións que se contemplan son: - Revisión xeral dos encontros de chumbo existentes e limpeza da cuberta. - Realización dun estudo histórico da igrexa que describa a súas etapas construtivas, a caracterización do seus elementos artístico e construtivos mais representativos (portada, canzorros, cornixas, rexuntados, inscricións....) que comprenda unha lectura dos paramentos





e, no seu caso, as referencias construtivas do seu ámbito mais inmediato.

- Limpeza e rexuntado dos paramentos exteriores de cantaría da igrexa.
- Restauración dos elementos escultóricos: portada oeste, canzorros e friso do muro norte, realizada por técnicos con formación e titulación específica en materia de conservación e restauración de bens culturais.
- Restauración de Agnus Dei existentes nos cimacios da nave e ábsida, realizada por técnicos con formación e titulación específica en materia de conservación e restauración de bens culturais.
- Limpeza, rexuntado e eliminación de filtracións do conxunto da espadana.
- Restauración das melenas das campás.
- Substitución da fiestra de saída á cuberta e recolocación da escaleira.
- Ocultación do oco de saída á cuberta para a súa harmonización co ámbito espacial da igrexa
- Execución dunha drenaxe exterior na fachada norte.
- Eliminación de elementos metálicos deteriorados e descontextualizados.
- Revisión do cableado eléctrico exterior.

BEN: igrexa de san Pedro de Flariz

SITUACIÓN: Flariz, Monterrei (Ourense)

PROTECCIÓN: A igrexa parroquial de san Pedro de Flariz en Monterrei está protexida polo seu valor cultural ao estar incluída no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16-05-2016, tamén está incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave Monterrei-36836.

Así mesmo recóllese no catálogo das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Monterrei.

ACTUACIÓN: Restauración da igrexa de san Pedro de Flariz, Monterrei (Ourense) (Expte.: SAR-2023-0030).

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 7 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa é de estilo barroco compostelán e construíuse entre os anos 1735 e 1779.

Ten a planta en cruz latina cos brazos do cruceiro insinuados.

A fachada retablo cunha torre central ten unha composición telescópica en tres tramos e coroada por un cupulino. Na súa parte posterior ábrese cara a paisaxe. O cruceiro está cuberto cun ciborio de escasa altura, coroado por catro pináculos e rematado por unha lanterna calada. As esquinas do edificio están marcadas por pináculos de maior tamaño. O adro está utilizado como cemiterio, que foi ampliado recentemente pola parte posterior, sen gran impacto visual.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade os danos máis salientables do templo maniféstanse especialmente pola falta de estanquidade da cuberta e ausencia de ventilación, que provoca a presenza de humidades e a deterioración dos materiais que a conforman (en particular a estrutura de madeira sobre as bóvedas pétreas). Tamén hai que destacar a presenza de materiais alleos (restos de





cemento e tixolo, acumulación de entullo de obras previas, forxados de formigón de apoio da maquinaria do reloxo, etc...). Os paramentos de pedra teñen rexuntados de cemento e colonizacións biolóxicas.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións que se contemplan son:

- Substitución da cuberta de tella valorando a conveniencia de modificar a súa xeometría para resolver de xeito adecuado os encontros cos pináculos e os beirados. Tamén se valorará a substitución, ou no seu caso a restauración, da estrutura de madeira.
- Limpeza e rexuntado dos paramentos exteriores de cantaría da igrexa, con especial coidado nos elementos labrados/ escultóricos da fachada barroca.
- Substitución da lousa de soporte da maquinaria do reloxo.
- Substitución/revisión da carpintería para incorporar a ventilación
- Execución dunha drenaxe, de ser o caso.





BEN: Torre-campanario da igrexa de san Salvador de Vilaza

SITUACIÓN: Rúa da Igrexa, núm. 17, Vilaza, Monterrei (Ourense)

PROTECCIÓN: A igrexa de san Salvador de Vilaza está protexida polo seu valor cultural, segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16-05-2016), ao estar recollida no Catálogo das NNSS de planeamento do Concello de Monterrei e no catálogo do Plan básico autonómico co código GA32050019.

ACTUACIÓN: Restauración da torre-campanario da igrexa de san Salvador de Vilaza en Monterrei, Ourense (Expte.: SAR-2023-0029).

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 15 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa de san Salvador de Vilaza aínda conserva unha torre da fortaleza de estilo románico. No lado norte da torre hai vestixios dunha construción anexa. Na finca deste lado norte hai abundantes fragmentos de *tégula*, cerámica medieval de pastas grises e tella arábica. No adro atopáronse pedras traballadas e varios restos romanos e fragmentos de fustes de columnas graníticas que, pensamos, puideran proceder deste mesmo xacemento.

A igrexa ten planta rectangular co presbiterio máis elevado e sancristías engadidas. Os muros son de sillería. Na fachada ten unha porta de arco de medio punto con arquivoltas de boceis e medias canas sendo a máis exterior de xadrezado; estas últimas sobre impostas, pois desapareceron as columnas engadidas. No muro sur, a portada ten un lintel con molduras dobradas nos ángulos que deixan no medio unha banda lisa historiada. A porta encádrase en pilastras con capiteis xeométricos, un friso de superficie curva e unha arquitrabe. Baixo o beiril ten unha fornela cunha imaxe e volutas laterais.

É significativa a gran torre prismática cuadrangular con ventás de arco de medio punto con desaugadoiros semicirculares con decoración de xadrezado. A torre pertence ao antigo mosteiro fundado no ano 985. Foi un mosteiro dúplice que logo pasou aos Cóengos Regulares de San Agostiño (hai quen afirma que foi rexentado polos templarios). O campanario posúe planta cadrada. Do edificio antigo consérvase a Torre dos Templarios.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade os danos máis salientables maniféstanse especialmente na torre medieval, que ten un forxado de formigón e presenta fisuras importantes na fábrica de pedra.

Do mesmo xeito as actuacións pouco acertadas realizadas na cuberta para acomodalas ás funcións de campanario da igrexa desvirtúan o carácter defensivo da torre, non garanten a estabilidade e funcionamento da campá e ocasionan problemas de estanquidade que están a afectar ao interior do ben. O exterior das fábricas teñen colonizacións biolóxicas e sucidade e no interior existen excrementos de aves, rexuntado de morteiro de cemento e actuacións invasivas nos ocos das ventás que están a acelerar a deterioración das fábricas e afectan á conservación do ben. É preciso revisar a instalación eléctrica existente.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións que se contemplan son:

- Proposta alternativa de acceso á cuberta e dos forxados de formigón segundo os resultados do estudo estrutural da torre.
- Reforzo estrutural das fabricas e da súa cimentación, segundo os resultados do estudo estrutural da torre.





- Nova proposta de cuberta que garanta a súa impermeabilidade, ordene o acceso e permita unha lectura axeitada do seu carácter defensivo. Deberán estudarse as posibilidades de eliminación ou traslado da campá e a megafonía e, no seu caso, dispoñer un soporte axeitado para a campá e unha proposta alternativa para a megafonía.
- Limpeza exterior e interior das fabricas e eliminación dos rexuntados de morteiro de cemento interiores.
- Colocación de elementos de protección nos ocos que eviten a entrada de aves e proteccións nos antepeitos que eviten a entrada de auga.
- Revisión da instalación eléctrica.



BEN: igrexa de santa María a Real, Entrimo

SITUACIÓN: Praza da Igrexa, núm. 2, Terrachán, Entrimo (Ourense)

PROTECCIÓN: A igrexa de santa María a Real de Entrimo, está protexida polo seu valor cultural, segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16-05-2016) e no Catálogo do Plan Xeral do Ordenación Municipal de Entrimo do 29.08.2014, ficha do catálogo A-5.

O Templo de Santa María A Real é a Igrexa parroquial do municipio do mesmo nome e ten ademais do título de Real, dende sempre a categoría de abadía. Foi declarado Monumento Nacional Histórico Artístico e é considerada unha xoia arquitectónica dentro da arquitectura galega.

ACTUACIÓN: Restauración da fachada da igrexa de santa María a Real, Entrimo (Ourense) (Expte.: SAR-2023-0223)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 15 meses

DESCRICIÓN:

O Templo consta de tres naves, sendo a central a máis alta polo que recibe máis cantidade de luz exterior. O cruceiro é máis alto que a nave central e que a ábsida, levantándose sobre o mesmo un corpo exterior rematado cunha lanterna.

A planta é de cruz latina e as naves están separadas por oito pilastras e un coro apoiado sobre as dúas primeiras que dan sobre a entrada principal. Xunto ó cruceiro e as naves laterais hai dúas pequenas capelas de medio canón.

A fachada principal foi construída entre finais do século XVII e a primeira metade do século XVIII e é sen dúbida o mellor exemplo de estilo churrigueresco en Galicia, caracterizado pola beleza da súa composición e decorado.

O motivo teolóxico no que se inspira a fachada é o que lle da o seu nome (Nosa Señora a Virxe María). Consta de catro corpos, estando os dous primeiros inferiores, enmarcados por medio de pilastras.

O primeiro corpo está constituído pola porta central en arco de medio punto adornada con cabezas de anxos e flanqueada a ambos lados por tres pares de columnas salomónicas, con talos de vides con acios. No segundo corpo atópase o nicho que alberga a imaxe pétrea da Asunción da Virxe presentando ademais a cada lado catro pares de columnas salomónicas iguais cas do primeiro corpo. No terceiro corpo hai un panel labrado da Santísima Trindade, co Espírito Santo en forma de pomba e o Pai Eterno e Redentor sostendo ámbolos dous a Coroa destinada a María e tamén cos catro pares de columnas salomónicas iguais ás do corpo inferior. O cuarto corpo é un friso ancho que remata en frontón partido, estando ocupado o centro polo escudo de España e a decoración está constituída por paneis foliáceos. No podio e nos ángulos do frontón hai tres imaxes de anxos tocando instrumentos de corda.

Nas fachadas laterais hai sendas entradas de distinta traza e valor artístico. Na fachada sur mantense a mesma estrutura en forma de retablo o estilo da fachada principal con dous corpos e frontón. Porta flanqueada por dous pares de columnas de fuste liso mentres que o segundo corpo presenta un nicho coa imaxe de San Xosé e aparecen senllos pares de columnas salomónicas e estriadas. No frontón hai tres imaxes de santos sen identificar e dúas gárgolas con figuras mitolóxicas.

No lado esquerdo da entrada levantouse a torre do templo, de 25 m de altura, fixándose a data da súa construción a comezos do século XVIII sendo a mesma data asignada para a campá maior. A torre presenta unha balconada de pedra con pináculos, tambor e cúpula esférica e atópase pegada á fachada principal.

A fachada norte é mais sobria con clara influencia compostelá. Presenta unha imaxe sobre a porta do Salvador en tamaño natural.





Friso de follaxes e sogueado que recorre as naves exteriores desde ambas fachadas. No interior consérvanse seis retablos de distinto valor e altar de Cristo Crucificado coa Virxe das Dores.

O templo atópase rodeado por un atrio de perpiaño con Via Crucis, portal e dúas escaleiras que salvan o desnivel do norte. O atrio posiblemente do século XIX é posterior o resto do conxunto.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade os danos máis salientables maniféstanse especialmente:

-No interior:

Na zona da tribuna, derivadas da problemática da fachada principal e encontros de chumbo coa cuberta, existen humidades interiores situadas no paramento interior do templo, máis concretamente tras a fachada principal. Estas filtracións de auga provocan colonizacións biolóxicas nos paramentos verticais, na bóveda e na zona de tribuna e planta baixa.

A humidade en época de chuvias chega polos paramentos ata o solo de pedra. Acelera a corrosión do cableado de manipulación da campá do campanario. E tamén corroe o sistema de poleas e engrenaxes do reloxo de corda que hai na tribuna.

Na planta baixa na zona da pia bautismal e dende acceso á nave do templo tamén hai presenza de humidades procedentes de filtracións procedentes dos encontros coa fachada dos elementos de cuberta.

Na zona da cúpula sobre arestas situada no transepto do templo existen humidades que se manifestan en forma de colonización biolóxica no interior da lanterna, probablemente relacionadas con algún problema na carpintería deste elemento ou co rexuntado da cúpula.

-No exterior:

Observouse que nalgúns elementos das limas e nos encontros con fachadas (elementos verticais) realizados con chumbo están deteriorados.

A fachada barroca (por tanto de superficie moi irregular, con moitos entrantes e saíntes) ten unha colonización biolóxica moi elevada (musgos e plantas superiores), o que implica que falte material nas xuntas. A ausencia de rexuntado xunto coa presenza da vexetación -que retén a humidade- provoca a saturación de auga da fábrica pétreas.

Existencia de musgo, plantas herbáceas e silvas na fachada, o musgo actúa como retenedor de humidade e favorece o empape das fábricas pétreas.

Esta problemática tamén existe na zona da torre campanario e nas portadas norte e sur da nave.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Aos efectos de corrixir esta problemática, logo de obter a xeometría do edificio como soporte do proxecto, este documento debe resolver:

Dende o punto de vista construtivo:

- Análise das causas e solucións para as filtracións de auga (fachadas, cúpula-lanterna) e a presenza de humidades de capilaridade.

- Avaliación da xeometría da fachada para determinar se é conveniente incorporar láminas de chumbo ou zinc para evitar os estancamentos e mellorar a evacuación das augas.

- Revisión dos remates e limas da cuberta para garantir a correcta estanquidade das augas.

- Revisión do sistema de drenaxe, de ser o caso.

- Limpeza das fachadas e saneado de xuntas da cantería para a reposición das xuntas con morteiros de cal tradicional (de xeito coordinado co equipo de restauración).

En elementos decorativos das fachadas (norte, sur e oeste): o obxectivo do proxecto é o establecemento de criterios e métodos de actuación para a conservación e restauración dos elementos pétreos e lígneos (portas) das fachadas. Esas actuacións terán como propósito a limpeza e consolidación de soportes, eliminación de elementos de biodeterioración,





caracterización de pátinas para valorar a idoneidade do seu mantemento, tratamento e estabilización de sales, tratamento e estabilización de elementos metálicos, reposición de morteiros de xuntas, reintegracións volumétricas e valoración de tratamentos puntuais de protección.





BEN: capela de san Mauro, A Arnoia

SITUACIÓN: Lugar de San Mauro, núm. 17, A Arnoia (Ourense)

PROTECCIÓN: O inmovible denominado capela de San Mauro localizado no concello de Arnoia está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de catalogado. De acordo do Plan Xeral de Ordenación Municipal está incluído na delimitación do núcleo de San Mauro e clasifícase como solo de núcleo rural tradicional NR-1 formando parte dun Sistema Local Relixioso de Titularidade Privada. Atópase situado dentro da área de protección, fixada pola normativa vixente sobre Patrimonio Cultural de Galicia. Está na área Catalogada co Código (1.2) con grao de protección integral.

A capela tamén está recollida no Catálogo do Plan Básico Autonómico co código A Arnoia_49076.

ACTUACIÓN: Obras de reparación de humidades da capela de san Mauro na Arnoia (Ourense) (Expte.: SAR-2023-0209).

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 15 meses

DESCRICIÓN:

Capela construída nos séculos XII e XV de pequenas dimensións e dunha soa nave rectangular. Destaca a fachada principal de formas neoclásicas enmarcando a porta de entrada e que se coroa coa imaxe do san Mauro. A festa deste santo celébrase con grande afluencia de devotos procedentes de toda a bisbarra. No interior destaca o presbiterio con bóveda de pedra de época románica.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade os danos máis salientables do templo maniféstanse especialmente nas carpinterías exteriores defectuosas e danadas, a estrutura de cuberta de madeira e o material de cobertura presenta defectos que afectan á súa estabilidade e estanquidade, así como a acometida eléctrica aérea que desvirtúa a imaxe do ben catalogado.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións que se contemplan son:

- Desmontaxe do material de cubrición e enlatado de madeira, con recuperación das pezas de madeira existentes en bo estado.
- Estrutura de madeira de castiñeiro, con reposición de cumio, correas, diagonais cuadrais e viguetas.
- Colocación de entabado de madeira de castaño, lámina impermeable microporosa, prancha de fibrocemento ondulado e tella cerámica curva; con cabaleta ventilado, limas de chumbo e babeiro de zinc.
- Levantado e colocación de nova carpintería en pequenas xanelas laterais e pintado do resto de carpintería con pintura ao aceite de exterior.
- Soterrar a acometida eléctrica e recolocar o cadro eléctrico.

Santiago de Compostela,

Conforme,

A xefa do Servizo de Arquitectura

María Elena Parajó Calvo

O subdirector xeral de Conservación e
Restauración de Bens Culturais

Manuel M^a Chaín Pérez

